

# **Exemplos de preguntas para as probas de acceso á universidade**

## Para preparar as probas de acceso á universidade

### Ortografía

1. Explicar **casos de acentuación ou non acentuación**, ou explicar a diferenza de significado entre os pares en que un membro leva acentuación diacrítica: *dá/da, ven/ vén...* Recordade que non se lle chama til. O til é o sombreiriño do ñ.
2. Cuestións de ortografía como a **preposición en, con e de cos topónimos, títulos de obras, publicacións** etc. Que formas son correctas en cada caso: *Vivo na Coruña. Lino n'A esmorga / Lino en A esmorga.*

### Fonética e fonoloxía

1. **Descrición de fonemas**. Coidados coa letra x que pode representar varios fonemas. Coidado con palabras como *prefixo, sufixo, crucifixo, complexo...*
2. Indicar (e representar o fonema) se as palabras teñen **vogal media aberta ou pechada**. Coidado coas terminacións (mirade a folla de terminación que vos puxen). Moito coidado tamén cos verbos con alternancia vocálica. Mirade a folla esa.
3. Localizar **ditongos** (e clasificalos) e hiatos. Separar en sílabas
4. Localizar e/ou clasificar **alteracións fonéticas** (desvíos da norma tipo aférese, prótese, paragoxe...), tanto no vocalismo como no consonantismo.

### Morfosintaxe

#### • Estrutura da palabra

1. **Descompoñer palabras e indicar de que tipo son** (recordade: se só vos dá a opción de simples, derivadas e compostas, quere dicir que as parasintéticas de prefixo e sufixo a un tempo as considera como derivadas con morfos descontinuos).
2. Indicar o **significado que achegan determinados prefixos e sufixos** ás palabras que vos indiquen. Recordade que o significado dos prefixos e sufixos varía segundo a base á que se unan.
3. Indicar a **categoría de determinadas palabras** ou buscar nun texto determinadas categorías.

#### • Substantivo

1. Localizar **substantivos abstractos ou incontables**, por exemplo.
2. **Formar o feminino** dalgunhas palabras do texto (*sería raro*) ou que expliques, por exemplo, por que algunhas palabras do texto fan o feminino en -á e outras en -ana (*tamén raro*).
3. Explicar a **diferenza de significado entre palabras con xénero distinto**: *cesto / cesta, carballo / carballa, pozo/poza, barco/barca, madeiro/madeira, carballo/carballa...* (*pouco probable*).
4. Formar **algún plural de palabras compostas** ou explicalo (*raro*)

#### • Adxectivo

1. Algo relacionado cos **graos do adxectivo** (*raro*)
2. O uso das diferentes **partículas comparativas ca /que, do que; como /coma**. Explicar as posibilidades que hai. (*moi probable*)
3. Algo sobre os **superlativos e comparativos sintéticos**: *maior, supremo...* (*raro*).

- **Artigo**

1. Posibilidade de usar a **segunda forma do artigo**, en que casos. (moi raro)
2. Algo relacionado coa **diferenza de significado entre a presenza / ausencia de artigo**, por exemplo, *Manolo* / *O Manolo*.

- **Pronomes persoais**

1. **Identificar formas** (tónicas ou átonas) e indicar a función.
2. Explicar a **diferenza entre nós / nosoutros; vós / vosoutros**.
3. Explicar **por que non se produce a contracción nalgúns casos** como *de eles estaren na casa* ou *de o saber, faríao*.
4. Explicar os **valores dalgúns se**.
5. Xustificar ou **explicar a colocación do pronome átono**. Moito coidado coa colocación cos infinitivos e coas perífrases, repasádeo porque hai varias posibilidades.
6. **Valores de che** (solidariedade, interese etc.)

- **Relativos**

1. Recordade **non existe \*quenes**, sempre é *quen* e o verbo vai en singular aínda que se refira a varios. Pero cando o *quen* é suxeito dunha subordinada, o verbo desta concorda en número co antecedente de *quen*, polo tanto, o verbo pode ir en plural.
2. Explicar o significado de **ser quen a /de**.
3. Significado de expresións como: **de quen quen** ou **de coma quen**.

- **Interrogativos e exclamativos**

1. Aquí o único é acordarvos de que o signo de interrogación e exclamación só son obrigatorios ao final. Ao principio, só se houbera posibilidade de confusión.

- **Demostrativos**

1. As contracción **nisto, niso, naquilo nestas, nesas e con esas con valor adverbial** (nese momento, entón, nese mesmo momento, de repente etc.)
2. **Valores especiais de daquela**: adverbial (entón, naquel momento), conxunción consecutiva (entón, polo tanto, xa que logo)
3. O significado de **aquel, aquela como substantivos** ou do **verbo aquelar, desaquelar, desaqueloutrar**.
4. A posibilidade de contracción ou non das expresións *este outro / estoutro....; deste outro / destoutro...*
5. Explicar o **valor do demostrativo posposto ao substantivo**: *tempos aqueles* (ten valor enfático).

- **Posesivos**

1. **Necesidade ou non do artigo co posesivo**: explicar se algunha expresión ten que levar artigo ou non ou explicar ou xustificar a presenza / ausencia de artigo antes do posesivo (sempre baseándose en exemplos do texto).
2. Explicar o significado de expresión como: **de meu, de teu, de seu, de noso...** (significado de pertenza exclusiva ou cualidade inherente)
3. **Artigo + posesivo + numeral** (equivalen a unha expresión aproximativa: *ha ter os seus vinte anos*).

4. Valor de **o meu, os meus, as miñas, as súas, o noso...** (algo habitual, algo acostumado): *O seu é xogar ao fútbol. Xa fixo das súas.*
  5. **O meu, o teu, o seu, o noso...** (en masculino singular), pode ter valor ponderativo, para indicar gran cantidade: *Este ano xa choveu o seu. Eu xa traballei o meu, agora quero retirarme.* (mirade os apuntamentos que vos puxera).
  6. **Os meus, os teus, os seus...** (en masculino plural), pode equivaler á familia, aos achegados: *dálles un saúdo aos teus.*
  7. Explicar o significado de formas como **cadanseu, cadansúa...** (posesivo distributivo)
- **Indefinidos**
    1. **Non existe \*calquer.** Sempre é *calquera*.
  - **Numerais**
    1. De aquí o único que poderían preguntarnos son cuestións de ortografía: cando se escriben xuntos ou separados etc. (*non creo que pregunten nada disto*).
  - **Verbo**
    1. **Valores dos tempos** (**importantísimo**). Poden aparecer diferentes formas verbais e preguntarnos que valor expresan (presente histórico, momento anterior ao momento da fala, momento posterior a un momento anterior á fala etc).
    2. Recordade saber diferenciar entre verbos copulativos, predicativos, impersonais, pronominais.
    3. **Verbos con alternancia** (**importantísimo**). Hai que saber explicar por que e recordade entre que formas presentan alternancia. Recordade tamén que nestes verbos a P2 do imperativo ten sempre a mesma raíz da P1 do presente de indicativo (na conjugación II sempre será vogal palatal pechada /i/: *sirve*, ou vogal velar pechada /u/: *durme*. Na conjugación II sempre será vogal palatal semipechada /e/: *bebe*, ou vogal velar semipechada /o/: *come*).
    4. Saber **descompoñer os verbos** morfoloxicamente.
    5. Pódenvos mandar **conxugar algún tempo verbal** (nese caso seguramente será de verbos da conjugación III con alternancia vocálica, tipo *servir, durmir* etc).
    6. **Uso do infinitivo conxugado**. Poden preguntar, por exemplo, se nos casos indicados se pode usar ou se hai dúas posibilidades. Tedes que saber, pois, cando é obrigatorio, cando é usual pero non obrigatorio e cando non se pode usar. Tamén poderían poñervos para explicar a diferenza entre usalo e non. Nese caso tedes que dicir que cando se usa quereuse remarcar o suxeito e evitar ambigüidades: *por falar acabouse o negocio* (eu, ti, nós, quen?) / *por falaren acabouse o negocio*.
    7. Participio: se tedes tempo botádelle unha ollada aos **verbos con participio irregular** e aos **verbos con dous participios** (tipo *comido, comesto*) nestes casos debedes saber cando se usa un e cando se usa o outro.
    8. As perífrases: poden preguntar o **significado dalgunha perífrase** que apareza ou pedirvos que expliques a diferenza entre o que expresa unha perífrase e unha forma verbal non perifrástica (exemplo: *andou dicindo que...* / *dixo que...*)
  - **Adverbios**
    1. Non creo que caia nada. Unicamente localizar de algún tipo ou o significado dalgun como *asemade*.

- **Preposicións**

1. Uso da preposición **a co CD** (moi importante).
2. Outras preposicións: **ata, até / deica** (sobre todo recordade a diferenza entre *deica* e *cara a*).
3. Diferenza entre **onda/onde; canda/cando; xunta/xunto a**
4. Significado de **perante**
5. Significado de **contra**
6. Recordade que en galego **non existe \*hacia**, sempre é *cara a*, polo tanto, se segue artigo hai que contraela: *cara a Vigo, cara á Coruña, cara á miña casa, cara á escola, cara ao colexio cara ao patio, cara aos servizos*. Recordade isto, que vos equivocades sempre.

- **Conxuncións**

1. Pódenvos pedir **clasificar conxuncións**. Lembraide que as que introducen cláusulas substantivas (*que, se*) chámanse completivas.

- **Cuestións de sintaxe**

1. **Explicar algún erro de concordancia**: *A maioría dos presentes votamos a favor da proposta*. (Neste caso habería que explicar que se está facendo unha concordancia polo sentido e non unha concordancia que respecte as regras sintácticas, que é o que se debería).
2. Un **enunciado con dúas posibilidades de análise** e explicar a diferenza (tamén de significado). Nese caso, recordade que a diferenza case sempre está nos modificadores, é dicir, quen modifica a quen. Por exemplo: *Comproou un abrigo de liño francés*.
3. Explicar a **diferenza entre cláusulas adxectivas**: unha explicativa e outra especificativa.
4. Algunha **análise sintáctica** (coidado, case sempre hai un predicativo). Coidado cos ATRIBUTOS.
5. Identificar unha **pasiva reflexa e unha pasiva perifrástica** (e unha activa) e comentar as diferenzas (de forma, de nivel de uso...). Por exemplo:

– *O Plan de Reconversión da Flota aprobouse en 1961.*

– *O Plan de Reconversión da Flota foi aprobado en 1961.*

Desde o punto de vista semántico podemos dicir que **unha construción activa** é, basicamente, aquela na que o suxeito realiza a acción verbal. O foco ponse no suxeito.

Desde o punto de vista sintáctico hai dous elementos imprescindibles: un predicado (un verbo en voz activa) e un suxeito axente que concorda con el en número e persoa. O suxeito axente é ao mesmo tempo unha función sintáctica (porque concorda co predicado) e semántica (porque realiza a acción verbal).

**Nas construcións pasivas** non se pon o foco no suxeito protagonista da acción verbal, senón en quen a experimenta, polo que se denomina **suxeito paciente**. Por outra parte, nas oracións pasivas tamén é frecuente que apareza quen levou a cabo a acción verbal e, para iso, emprégase unha frase preposicional que recibe o nome de complemento axente.

En galego a voz pasiva pode construírse de distintas maneiras: mediante a chamada pasiva reflexa ou a pasiva perifrástica.

**As pasivas reflexas** caracterízanse por ter un significado pasivo pero unha estrutura activa: constrúense cun **se** máis un verbo transitivo en 3ª persoa de singular ou de plural. Nelas apártase o foco do axente e ponse sobre a acción e o seu obxecto. Esta é unha característica que tamén presenta a **pasiva perifrástica** (ser + participio). Pero mentres na pasiva reflexa non aparece o axente (porque non se coñece ou non interesa), na pasiva perifrástica si adoita aparecer e este é o antigo suxeito da oración activa, mentres que o suxeito da pasiva é o antigo CD da activa.

A pasiva con **se** adoita usarse con predicados de valor xeral (o enunciado ten un valor máis xeral), mentres que a pasiva perifrástica denota preferentemente eventos particulares, concretos, puntuais e cun axente (explícito ou non) de intervención evidente.

En canto ao uso, hai una tendencia cara á pasiva con **se** por parte dos predicados sen axente ou con axente anónimo, fronte a unha inclinación dos predicados máis dinámicos, cun axente de participación evidente e un complemento directo externo, cara á pasiva perifrástica.

A pasiva reflexa resulta máis natural que a perifrástica e adoita preferirse fronte á perifrástica, incluso en textos formais. A pasiva perifrástica (ser + participio) considérase moi formal. Polo que é máis usada na lingua escrita (sobre todo nos textos informativos e argumentativos). Tamén é frecuente o seu uso nos medios de comunicación para abreviar e atraer a atención, precisamente porque o foco ponse no suceso, no evento e non no axente: neno de oito anos rescatado de incendio (= foi rescatado).

Fronte a isto, na lingua oral prefírese a pasiva reflexa.

Podemos concluír que as **diferenzas entre a construción activa e a construción pasiva** son as seguintes:

Oracións activas: Suxeito axente + verbo en voz activa + complementos.

Oracións pasivas:

- Suxeito paciente + ser e participio + (complemento axente).
- Se + verbo conxugado en terceira persoa + (complementos).

6. Explicar as **diferenzas entre unha construción atributiva e unha pasiva** (formais e de contido). Por exemplo:

- *O monte arde porque está abandonado.*
- *O monte arde porque foi abandonado.*

A construción atributiva é aquela formada por un verbo copulativo (ser, estar, parecer ou semellar) máis un atributo (que pode ser un adxectivo, unha frase preposicional etc substituíble polo pronome o). Nela no se aporta acción verbal, senón que se atribúe unha calidade ou característica ao suxeito.

A construción pasiva (perifrástica) é aquela formada polo verbo ser + participio. Nela ese conxunto é inseparable e non atribúe ningunha cualidade ou característica ao suxeito, senón que se predica algo del. Mediante esta construción faise posible introducir o axente que realiza a acción verbal, xa que o suxeito non é quen a realiza, como si ocorre na atributiva.

Neste caso concreto, ademais, podemos ver unha diferenza de significado. No primeiro enunciado dísenos como está o monte neste momento e que esa é a causa de que arda. No segundo, supoñemos que o monte tamén está abandonado, pero a causa de que arda é o abandono que se produciu anteriormente. É dicir, no primeiro caso,

arde como consecuencia do estado actual. No segundo, arde como consecuencia dun estado anterior que ten repercusións no presente.

7. Explicar a **diferenza entre interrogativas**: unha interrogativa directa e unha indirecta ou entre unha total e unha parcial.
8. Explicar o significado dalgunha **pregunta retórica**.
9. Poden pedir **construír determinados tipos de cláusulas ou oracións**. Por exemplo, constrúe unha unha cláusula (seguramente usarán o termo oración para todo) que teña unha subordinada de CD e unha adxectiva.
10. Tipos de **impersoais**: localízalas, constrúilas...

## Léxico-Semántica

1. Buscar nun texto un **campo semántico** determinado. Poden formulado de distintas formas: por exemplo, pedirvos os hipónimos de... ou o hiperónimo de...
2. Indicar que **relación semántica** hai entre determinadas palabras: antonimia, sinonimia... Se son homógrafos ou homófonos, hai que dicir antes que son homónimos.
3. **Definir palabras** do texto. Recordade que poñer sinónimos non é definir.
4. Indicar **sinónimos e/ou antónimos** de determinadas palabras.
5. Formar ou buscar no texto palabras da mesma **familia léxica**.

## Texto

1. Facer **un resumo ou unha síntese**. Non poñades *trata de*.
2. Facer un **esquema de ideas** principais e secundarias. Recordade que as ideas teñen que levar verbo.
3. Establecer a **estrutura ou núcleos temáticos** dun texto. Recordade que iso é indicar as partes que ten, de que trata cada parte e ata onde chega. Non teñen porque coincidir o número de partes co de parágrafos. Non caíades en estruturas predeterminadas do tipo presentación, núcleo e desenlace, porque non ten por que ser así.
4. Indicar o **tema dun texto**. O tema é unha frase. Non leva verbo como núcleo.
5. **Redactar un texto**. Dá igual como volo pidan ao final case sempre vai acabar sendo argumentativo, porque aínda que vos pidan unha comparación, sempre tedes que xustificar e necesidades argumentos. Se fose de comparación usade tamén conectores de contraste e comparación.
6. Indicar e xustificar o **tipo de texto**: expositivo, irónico, humorístico... (adoitan darvos eles as opcións para escoller e vós tedes que xustificalo).
7. Preguntas de **comprensión do texto**: que quere dicir o autor coa expresión....

## Outros

1. Valores de *que, como, onde*
2. Localizar e clasificar **conectores** do texto.
3. Explicar o diferente significado en casos de **tematización**, é dicir de alteración da orde lóxica do enunciado. Nestes casos moito ollo aos pronomes átonos que aparecen despois da secuencia tematizada e adoitan facer referencia a ela.
4. Explicar a diferenza entre enunciados moi parecidos. Lembraide: *iso dixen eu / iso dixeno eu / eu dixen iso*. En casos así lembraide a que pregunta responderían e iso havos dar a clave.

5. Pódenvos mandar clasificar as **interferencias** que presenta o texto: *castelanismos, vulgarismos, dialectalismos, lusismos...*
6. Pódenvos pedir que digades a que **bloque** pertencen determinados trazos do texto ou que digades os trazos dos bloques.
7. Poden pedirvos que xustificades o **rexistro** en que está escrito o texto (*é raro*).
8. Poden pedir que elaboredes unha lista de **anglicismos ou neoloxismos** (Levade unha lista preparada, non máis de 10) ou que os busquedes no texto.
9. Explicar a diferenza entre **construcións con artigo, con preposición + artigo e sen artigo**: *come o pan / come no pan / come pan*.